

# tarrelos

FEDERACIÓN GALEGA DE MICOLOXÍA

NÚMERO 13 · NOVIEMBRE 2011



## FLORA MICOLÓXICA

3 - Limiar

4 - *Gautieria trabutii*, unha rara especie encontrada en Galicia.  
J.M. Castro Marcote

7 - Notas sobre la familia *Cantharellaceae* en el noroeste de la Península Ibérica (III): *Cantharellus lourizanianus* y *C. romagne-sianus* var. *parvisporus*, dos nuevos taxones del subgenus *Parvo-cantharellus*, y *Craterellus lutescens* f. *citrinosulphureus*, f. nov.  
J.B. Blanco-Dios

16 - Una interesante recolecta de varias especies del género *Cantharellus* durante las XXI *Xeiras Micolóxicas* del Grupo Ecoloxista Adenco. O. Requejo

22 - Notas sobre el género *Gymnopus* en Galicia.  
J.B. Blanco-Dios & M. Contu

26 - Algúns macromicetos asociados a *Cistus ladanifer* no conce-llo da Rúa de Valdeorras (Ourense) (I) J.Alonso Díaz.

## FLORA VASCULAR

32 - Notas sobre la flora vascular del Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia (II). Una mutación homeótica de *Silene latifolia*. J.B. Blanco-Dios

36 - Flora singular del Parque Natural Serra da Enciña da Lastra (Ourense). S. De la Peña Lastra

41 - Dúas curiosas formas de *Eucalyptus globulus* con interés en xardiñeiría. J.B. Blanco-Dios

## VARIOS

45 - *Le cavage*: algunhas reflexións sobre a trufa branca de Sierra Nevada. J.M. Costa Lago

49 - Crónica dunha intoxicación mixta con *Amanita phalloides* e *Inocybe maculata*. J.M. Castro Marcote

52 - Os pioneiros galegos dos fungos plantaron o xerme en León.  
J. Ucio Castañón & J.A. Eiroa García-Garabal

54 - 1er Congreso de Asociacións Micolóxicas Federadas celebrado na Fervenza (O Corgo – Lugo).  
J. Ucio Castañón & J.A. Eiroa García-Garabal

60 - 1er Congreso de Microscopia de Macromycetes organizado por la Federación Galega de Micología. J.L. Tomé Ortega

62 - *Tarrelas* en *Index Fungorum*.

## MICOGASTRONOMÍA

63 - El género *Amanita* en micogastronomía (I). J.L. Tomé Ortega

68 - Láminas. M.Nodar

## ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS

70 - Actividades programadas polas asociacións para 2011.

# staff

TARRELOS é unha publicación da  
Federación Galega de Micología.

CIF: G-36640928

Tel.: 630 493 497

cantarela@cantarela.org

Depósito Legal: PO-388/04

ISSN: 1888-7066

## COORDINA


José Luis Tomé Ortega

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Jaime B. Blanco-Dios,

José Luis Tomé Ortega,

Carlos Álvarez Puga.



*Pluteus leoninus* y mariposa  
Julían Alonso Díaz

# #13

## Federación Galega de Micología

Presidente: C. Álvarez Puga

Vicepresidente: F. Riveiro Sanjurjo

Secretario: J.L. Tomé Ortega

Tesoreira: C. Barreiro González

# 1er Congreso de Asociacións Micolóxicas Federadas celebrado na Fervenza (O Corgo – Lugo)

Julían Alonso Díaz ([info@smlucus.org](mailto:info@smlucus.org)) y José Castro

## ► INTRODUCCIÓN

O pasado 31 de abril e 1 de maio celebrouse na Casa Grande da Fervenza (O Corgo) o “I Congreso Lucus de Asociacións Micolóxicas” organizado pola Sociedade Micolóxica Lucus de Lugo en colaboración coa Federación Galega de Micolóxica, o Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL) e a Deputación de Lugo, vicepresidencia 1ª Cultura.

As asociacións micolóxicas federadas reunímonos anualmente na Asemblea Xeral Ordinaria da Federación, actividade imprescindible no funcionamento desta como órgano de decisión fundamental para a aprobación das actas asemblearias do pasado ano, discusión e aprobación dos orzamentos, actividades, publicacións do ano en curso, etc., pero normalmente a orde do día e o tempo do que se dispón apenas permite afrontar e discutir con profundidade outros temas e problemáticas comúns. Estas cuestións comentámolas moitas veces entre os compañeiros das Asociacións nas distendidas conversacións da comida posterior á Asemblea, polo que dende a Sociedade Micolóxica Lucus formulouse a posibilidade de organizar un Congreso cun obxectivo: favorecer e mellorar o contacto e comunicación entre as asociacións micolóxicas galegas, debater con tempo sobre os problemas habituais e expor solución aos mesmos, intercambiar coñecementos e ideas, establecendo posicións comúns de consenso sobre temas de interese, e todo iso pretendíase que se realizase no contexto dun espazo natural ambientalmente destacable elixíndose Á Casa da Fervenza situada na Fervenza, bosque de ribeira excepcional dentro de Reserva da Biosfera Terras de Miño, no concello do Corgo (Lugo).

Así que esta idea se formula aos responsables da Federación que mostran o seu apoio ao proxecto, decidíndose que no contexto do Congreso se celebre a propia Asemblea Xeral da Federación correspondente ao ano 2011 para evi-

tar duplicacións de datas e desprazamentos. Sobre o programa, decídese centrar a xornada de traballo do Congreso o sábado en sesións de mañá e tarde, cun pequeno paseo a primeira hora da tarde pola ruta da Fervenza para relaxarse e gozar do lugar. O domingo de mañá celebraríase a Asemblea Xeral Ordinaria e, trala comida, pecharíase o Congreso cunha visita guiada ao conxunto etnográfico da Casa da Fervenza.

Decídese que o modelo máis participativo e enriquecedor para o Congreso é o das mesas de debate de tal xeito que a xornada do sábado consistiría en 2 mesas de traballo (unha de mañá e outra de tarde) cuxo funcionamento é o seguinte: as mesas constan dun moderador e varios membros que actúan expondo brevemente as súas ideas, visión e posibles solucións á temática da mesa. Despois iníciase un debate aberto a todos os asistentes para intercambiar opinións e tratar de consensuar conclusións que acheguen ideas e solucións aos problemas expostos. Sobre as temáticas a debater decidíronse 2 que se consideran relevantes: para a mesa da mañá “as problemáticas das asociacións micolóxicas” (organización, xestión, financiamento, responsabilidade, etc.) e para a mesa da tarde: “a posición das asociacións micolóxicas en relación á regulación micolóxica” (necesidade ou inconveniencia, posibles contidos, posición das asociacións, etc.).

## PROGRAMA

O programa definitivo foi o seguinte:

### Día 30 de abril, sábado

10'30: Inauguración do congreso

11'00: Mesa de debate: “As problemáticas das Asociacións micolóxicas”

14'00: Xantar

16'00: Paseo micolóxico pola ruta da Fervenza

18'00: Mesa de debate: “A posición das Asociacións en relación á regulación micolóxica”

21'00: Cea

# 1er CONGRESO LUCUS DE ASOCIACIÓNS MICOLÓXICAS

CASA GRANDE DA FERVENZA  
O Corgo (Lugo) – 30 Abril e 1 de Maio 2011

ORGANIZA:



Foto: *Amanita caesarea* (Scop.) Pers.  
O Corgo, setembro 2010

COLABORAN:



FEDERACIÓN GALEGA  
DE MICOLOXÍA



DEPARTAMENTO DE LUGO  
Cultura



AMIGA



cetal



- 26- José M. Castro Marcato (Pan de Raposa de Cee)
- 27- Mariña Castro (Grupo Micolóxico Galego)
- 28- Manolo Costas (Viriato de Ferrol)
- 29- Francisco Riverto (Viriato de Ferrol)
- 30- José Luis Rico (Os Cogordos de Durango)
- 31- Cristina Garcia (Grupo Micolóxico Galego)
- 32- Haido Pateiro (Os Cogordos de Durango)
- 33- Cristina Gago (Sendeirilla de Negreira)

- 1- Carlos Álvarez Fuga (Cantareira de Viagaria)
- 2- Ramón Díaz (Lactarios de Montforte)
- 3- Dívulo Barballada (Andoa de Cambre)
- 4- Necho Quintela (Retungando de Riveira)
- 5- María Paz (Sendeirilla de Negreira)
- 6- Benito Martínez (Lucus de Lugo)
- 7- Xavier Martínez (Grupo Micolóxico Galego)
- 8- José María Costo (Pan de Raposa de Cee)
- 9- Manolo Itejo (Lucus de Lugo)

- 10- Julián Biondo (Lucus de Lugo)
- 11- Manolo Flores (Lucus de Lugo)
- 12- Mari Froile (Lactarios de Montforte)
- 13- Carlos Rubal (Andoa de Cambre)
- 14- Digo Ventosinos (Lucus de Lugo, algo agostado)
- 15- Aurelia Armeiro (Andoa de Cambre)
- 16- Mercedes Basalde (Andoa de Cambre)
- 17- Jaime Blanco (Bisobaios de Fontevédras)
- 18- José Castro (Lucus de Lugo)

- 19- Santiago de Castro (FANCAL, Federación de Asociacións Micolóxicas de Castela-León)
- 20- Carmen Collado (Sendeirilla de Negreira)
- 21- Jesús Perada (Retungando de Riveira)
- 22- Ana Ripoll (A Zorra de Vigo)
- 23- Leona Casatler (A Zorra de Vigo)
- 24- Mercedes Nader (A Zorra de Vigo)
- 25- Concha Lopez (Pan de Raposa de Cee)



*Inauguración do congreso*



### Día 1 de maio, domingo

11'00: Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Micología

14'00: Xantar

16'00: Visita guiada ao conxunto etnográfico da Casa Grande da Ferverza (muiño do século XVI, fragua, teares, obradoiro de zoqueiro, etc.)

17'00: Clausura e despedida.

### LUGAR DE CELEBRACIÓN

O Congreso celebrouse nas instalacións da Casa Grande da Ferverza que é unha aldea de turismo rural composta por un conxunto de edificacións rehabilitadas da antiga aldea abandonada da Ferverza. A propiedade ten 18 hectáreas con bosque caducifolio autóctono e unha illa fluvial, rodeada de fragas do espazo natural antedito. No ámbito do establecemento de turismo rural Casa Grande da Ferverza, preséntanse unha serie de elementos etnográficos: muiño fariñeiro do s. XVI con pedras, teares, taller de zoqueiro, fragua con fol... e un salto de auga que dá nome ao lugar que pode ser visitado dun xeito guiado.

Destacar no contorno do lugar a presenza do bosque da Ferverza, integrado na reserva da biosfera Terras do Miño e Premio Bosque e Árbore do ano 2007. O bosque da Ferverza sitúase no curso alto do río Miño, xusto no tramo inmediato á desembocadura do río Neira no Miño (Concello do Corgo, Lugo), dentro da zona núcleo da reserva Terras do Miño.

O espazo está conformado por grandes extensións de bosques autóctonos ribereños, de gran idade e porte, dentro dun val semiencaxado, sendo o seu principal valor a existencia de importantes bosques de inundación de *Quercus robur*, *Quercus pyrenaica* e *Alnus glutinosa*, entre outras especies autóctonas ligadas ao medio acuático, como freixos e salgueiros.

O espazo constitúe un dos mellores exemplos de bosques primarios ligados ao río de todo o norte peninsular e de Europa, e a súa xeomorfoloxía confírelle ademais unha plasticidade e beleza únicas.

### ASISTENTES

Durante o sábado e/ou o domingo contouse coa asistencia de representantes de 14 Asociacións Micológicas Federadas de Galicia. Tamén asistiu o presidente da FAMCAL (Federación de Asociaciones Micológicas de Castilla y León) Santiago de Castro Alfageme, invitado polos organizadores e con Xavier

Martíns, asistente como membro do Grupo Micológico Galego, pero que tamén nos ofreceu a súa experiencia como ex-presidente da Asociación Micológica "A Pantorra" de Portugal. En total 33 asistentes representantes de Asociacións que podemos ver na foto de familia do Congreso, aos que se uniron como público durante o desenvolvemento da xornada do sábado un nutrido grupo de socios da SMLucus.

### DESENVOLVEMENTO DO CONGRESO

#### Sábado 30 de abril.

Procedeu-se á inauguración coa presenza de representantes das institucións que colaboraron neste evento ou noutros no ámbito micológico: Carlos Álvarez Puga (Presidente da Federación Galega de Micología), Eduardo Vidal (director xeral do CETAL -Centro Tecnológico Agroalimentario de Lugo-), Antón Bao (Vicepresidente Primeiro de Benestar e Cultura da Deputación de Lugo), Lino González (Concelleiro Delegado de Medioambiente do Concello de Lugo) e Julián Alonso (Presidente da Sociedade Micológica Lucus).

Cun pequeno atraso procedeu-se a constituír a 1ª mesa de debate sobre "As problemáticas das Asociacións Micológicas", formada por Julián Alonso (SMLucus) como moderador, Manuel Fernández Costas (Viriato), Carlos Álvarez Puga (A Cantarela e Federación Galega), José Castro (Lucus) e Santiago de Castro (FAMCAL). Durante as breves intervencións dos membros formuláronse diversas temáticas como os problemas internos de funcionamento nas Asociacións, a relación cos socios e o seu papel, a xestión e a busca de novas vías de financiamento, as responsabilidades das Asociacións e Federación no desenvolvemento das súas actividades, etc, ao que seguiu un amplo debate con participación da maior parte dos asistentes, achegando as súas opinións e posibles solucións que se plasmaron nos primeiros puntos da acta de conclusións.

Tralo xantar e un relaxante e agradable paseo polo bosque da Ferverza constituíuse a segunda das mesas con Jaime B. Blanco-Díos (Brincabois), Julián Alonso (Lucus) e Santiago de Castro (FAMCAL) para debater sobre a temática "a posición das Asociacións sobre a regulación micológica". Ademais das intervencións o debate foi intenso con moitas opinións dos asistentes sobre a propiedade e aproveitamento dos cogomelos, a conveniencia ou non dunha regulación micológica, o seu posible contido e a posición conxunta que deberían ter as Asociacións

Micolóxicas no seo da Federación sobre este tema ante calquera interlocutor. Destacar que Santiago de Castro de FAMCAL explicou como as Asociacións en Castela e León empezaron sendo contrarias á regulación e, non obstante, na actualidade, a FAMCAL é favorable e participan nas distintas comisións e organismos de discusión e decisión relacionados coa regulación do aproveitamento na súa Comunidade Autónoma aínda que con matices e as lóxicas discrepancias en distintos puntos. Non obstante, debido á falta de acordo entre os presentes sobre este tema e a importancia de establecer unha posición común acórdase crear unha comisión específica sobre esta cuestión tal e como se especifica na acta de conclusións que se achega posteriormente.

#### **Domingo 1 de Maio**

O domingo celebrouse a asemblea xeral ordinaria da Federación Galega de Micoloxía. O presidente Carlos Puga e o Vicepresidente Francisco Riveiro abordaron e expuxeron os distintos puntos da orde do día (lectura e aprobación da acta da anterior Asemblea, administración e estado de contas, actividades realizadas pola Federación no ano 2010, valoración da xestión da xunta directiva e elección de Xunta Directiva, posibles actividades para o ano 2011 e outros). Como aspectos máis destacables, mencionar que se aprobaron a acta, o estado de contas e a xestión da Xunta Directiva e tamén, por unanimidade, solicitouse e aprobou polos presentes o mantemento da actual Xunta Directiva e o seu presidente, polo gran labor que desenvolveron nestes anos e por considerarse a máis axeitada para continuar coa xestión da Federación. Tamén se aprobou a realización da XXIX Semana Micolóxica Galega en Vigo, organizada pola Asociación Micolóxica A Zarrota.

Concluída a Asemblea todos os presentes gozamos dun agradable xantar tralo cal se realizou unha visita guiada ao conxunto etnográfico co que conta a Casa Grande da Fervenza (muiño, fragua, teares, obradoiro de zoqueiro, etc.), despedíndonos despois todos os asistentes para regresar ás nosas casas tras 2 intensas xornadas de traballo e de convivencia da familia micolóxica galega.

#### **ACTA DE CONCLUSIÓN**

As conclusións e decisións do Congreso plasmáronse na Acta de Conclusións, documento que foi asinado por representantes de todas as Asociacións presentes e, posteriormente, tamén se fixo chegar ao Presidente da Asociación Pingadouro de Sober que non puido asistir eses días ao Congreso, pero que mostrou tamén o seu unánime acordo e confor-

midade co contido da acta, asinándoa igualmente. O contido do documento da acta é o seguinte:

#### **Acta de Conclusións do I Congreso Lucus de Asociacións Micolóxicas.**

*Reunidos en O Corgo (Lugo) os abaixo asinantes, asistentes ao I Congreso Lucus de Asociacións Micolóxicas e tras os pertinentes debates e deliberacións no seo do mesmo, acórdanse, por unanimidade e consenso, as seguintes*

#### **CONCLUSIÓNS**

1. Para o axeitado funcionamento interno das asociacións micolóxicas resulta imprescindible acadar os seguintes obxectivos:

- Unha Xunta Directiva ben organizada, onde todos os seus membros se impliquen, se comprometan, e traballen por igual nos labores de xestión, reuníndose periodicamente para todos poder estar no "día a día" da asociación.

- Poder contar en todo momento con socios que estean dispostos a ser directivos cando a asociación o precise.

- Valerse das novas tecnoloxías, na medida do posible, como ferramentas para acadar unha xestión máis áxil da asociación.

- Tentar evitar entre os socios a percepción de que a asociación é unha mera entidade de prestación de servizos, para o que resulta interesante implicar e responsabilizar aos socios na xestión e organización de cada asociación, así como conciencialos dos seus dereitos e deberes e da necesaria cultura micolóxica.

2. En canto ao financiamento que precisan as asociacións micolóxicas para o seu funcionamento e para o desenvolvemento das actividades que organizan, nesta época de crise económica resulta imprescindible diversificar as fontes de financiamento, tentar acadar convenios coas administracións públicas e con empresas privadas, realizando actividades atractivas e interesantes e dándoas a coñecer axeitadamente.

3. Considérase importante a necesidade de salvar as dificultades derivadas da responsabilidade civil das asociacións micolóxicas nas súas actividades, para o que se acorda obter a información legal que permita dar unha solución a este problema común a todas as asociacións.



Paseo micolóxico pola ruta da Fervenza

4. Ante a necesidade de mellorar a comunicación e coñecemento mutuo das Asociacións e poder plantexar accións conxuntas como Federación é necesario dispoñer e organizar a información das asociacións, que nestes momentos resulta inaccesible, semella estar espallada ou non organizada e considérase imprescindible unificar os criterios para sistematizar esta información (censos e datos das asociacións, pautas para realizar actividades de investigación, presentación as Institucións de proxectos comúns, etc.) acórdase crear unha comisión xestora que se encargue de elaborar os documentos necesarios para poder recabar e unificar toda esta información. Comezase pola elaboración dunha ficha que permita ter un censo completo cos datos básicos das asociacións micológicas.

5. Considérase conveniente que exista un Centro de Referencia xestionado desde un organismo ou entidade con vinculación micolóxica que actúe como receptor, xestor e divulgador de toda a información de actividades, datos, investigacións, iniciativas micológicas, etc., das distintas asociacións micológicas ou doutras actividades que se desenvolvan en Galicia en torno á micoloxía.

6. Crear unha comisión encargada de elaborar un dossier informativo sobre a regulación micolóxica, resumido, sinxelo e concreto para poder informar sobre este tema aos socios de cada asociación.

7. Realizar unha clara e sinxela enquisa sobre as cuestións claves relacionadas coa regulación micolóxica, para recabar a opinión dos socios das distintas asociacións micológicas sobre este tema.

8. Aprobar en asemblea xeral ou de acordo co mecanismo que cada asociación determine, a posición de cada unha delas con respecto á regulación micolóxica, para que quede constancia inequívoca da mesma e se poida defender no futuro unha postura común de todas as asociacións.

Asinantes da acta e Asociación que representan: Carlos Puga (Federación Galega de Micoloxía e A Cantarela de Vilagarcía), Julián Alonso (Lucus de Lugo), Ovidio Carballeda (Andoa de Cambre), M<sup>a</sup> Carmen Collazo (Sendeiriña de Negreira), Jaime B. Blanco-Dios (Brincabois de Pontevedra), Manuel Fdez. Costas (Viriato de Ferrol), Lorena Cascallar (A Zarrota de Vigo), Marisa Castro (Grupo Micolóxico Galego de Vigo), Xavier Martins (GMG e A Pantorra de Portugal), Jose M. Castro Marcote (Pan de Raposo de Cee), Jesús M. Parada (Refungando de Ribeira), Eladio Pateiro (Os Cogordos de Ourense), Luis Fdez. Guitián (Pingadouro de Sober), Ramón Díaz (Os Lactouros de Monforte), Mercedes Nodar (A Estrada Micolóxica, A Estrada) e Santiago de Castro (Federación de Asociacións Micológicas de Castela e León).

#### COMENTARIOS E VALORACIÓN FINAL DO CONGRESO

Persoalmente creo, aínda non sendo quizais o máis adecuado para valoralo, que o Congreso foi moi satisfactorio por moitos motivos: por estar representadas practicamente todas as Asociacións Federadas de Galicia, pola posibilidade de abordar entre todos temas de común interese, pola participación e achegas que fixeron todos a un debate non exento de discusións que tamén o enriqueceron, pola creación das comisións de traballo e finalmente pola posibilidade de gozar da compañía de todos os asistentes da familia micolóxica nun ambiente agradable e cordial.

#### AGRADECEMENTOS

Como Presidente da Asociación organizadora quixera agradecer á Federación Galega de Micoloxía e ás Institucións colaboradoras o seu apoio ao Congreso, a Santiago de Castro e Xavier Martins as súas valiosas achegas, a Jesús Parada (Asociación Micolóxica Refungando de Ribeira) o retoque da fotografía de grupo, a todos os asistentes a súa presenza e implicación e aos directivos da SMLucus o seu traballo incansable para a organización do evento. ■